

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 24/11/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez
TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes
ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- **Adxudicación Obra " Reforma de Infraestructuras San Martiño de Arriba ".-**
- 4º.- **Solicitud formulada pola adxudicataria dos servizos de Arquitecta.--**
- 5º.- **Expediente contratación Obra Mellora AP Paseo Marítimo Sardiñeiro.-**
- 6º.- **Expediente prestación servizos para preservación e mellora de hábitats.-**
- 7º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **18:00** horas do día **24/11/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan baixo a **Presidencia do Sr. Alcalde José Marcote Suárez**, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 9 de Novembro de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

Deixase o asunto sobre a mesa.-

- 3º.- **Adxudicación Obra " Reforma de Infraestructuras San Martiño de Arriba ".-**

Deixase o asunto sobre a mesa.-

- 4º.- **Solicitud formulada pola adxudicataria dos servizos de Arquitecta.-**

Vista á petición formulada por parte de S. B. L. Q. con D.N.I 44.845.122 K e domicilio en Pontedeume, quen como adxudicataria do servizo de Arquitectura dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación, solicita a renuncia ó mesmo como consecuencia da baixa médica que lle impide a súa prestación,

Á vista das razóns expostas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1) **Aceptar dita renuncia considerándoa como mutuo acordo entre ambas partes (Concello e Adxudicataria) toda vez que non se trata dunha causa que poida considerarse imputable á mesma.-**

2) Cancelar a garantía definitiva imposta para responder deste contrato administrativo formalizado o día 15/03/2016 polo período dun ano e nun importe de mil cincocentos sesenta e seis euros con quince céntimos (1.566,15 €) a través de aval bancario inscrito no Rexistro Especial de Avals baixo o número 0182000862201 do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, (BBVA), sucursal de Pontedeume de data 2/03/2016.-

3) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

4) Formalícese a oportuna dilixencia de cancelación por parte de Secretaría-Intervención para constancia no expediente.-

5º.- Expediente contratación Obra Mellora Alumeado Público Paseo Marítimo Sardiñeiro.-

Á vista da resolución número 2016/12191 pola que se aproba definitivamente a Subvención outorgada a esta corporación por importe de trece mil seiscentos euros (13.600,00 €) publicada no Boletín Oficial da Provincia número 103 de data 1 de xuño de 2016,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Aprobar a Memoria Valorada redactada ao efecto pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 22 de novembro de 2016 para levar a cabo a obra denominada “ Mellora Alumeado Público no Paseo Marítimo de Sardiñeiro ” cun presuposto de execución de doce mil novecientos noventa e seis euros con cinco céntimos (12.996,05 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, así como o gasto a realizar con cargo o Presuposto Ordinario de 2016.-

2.- Iniciar expediente de Contratación mediante contrato menor de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

3.- Requiráse as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Tres días naturais (3) contados a partir do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, de acordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
José Mario Paz Martínez	Rúa Costa de Xusto, 21 MALLAS 15154 FISTERRA
Instalaciones Electricas Casais S.L.	Rúa Hortas, 7 15155 FISTERRA
Marcelino González Estevez	Callela de Patres, 2 15155 FISTERRA

6º.- Expediente prestación servizos para preservación e mellora de hábitats.-

Á vista da Resolución dictada por parte da Directora Xeral de Conservación da Natureza por delegación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con data 11 de Novembro de 2016 sobre concesión, en dúas anualidades, de Subvención polo importe de Vinte mil euros (20.000,00 €) excluído o Imposto sobre o Valor Engadido para levar a cabo " Actuacións para a preservación e mellora dos Hábitats e da Paisaxe rural litoral con implicación da poboación local de Fisterra " dentro das Parroquias de Santa María de Fisterra (ámbito da Praia de Mar de Fora), San Vicente de Duio (ámbito da Praia de Arnela) e San Xoán de Sardiñeiro (ámbito da Praia de Rosto) neste Termo Municipal de Fisterra,

Considerando as Autorizacións concedidas polos Organismos competentes que constan no expediente para as actuacións nas zonas da súa competencia,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Aprobar a Memoria Valorada redactada por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación onde se recollen as Actuacións previstas dentro da Anualidade 2016 así como o gasto con cargo o Presuposto Ordinario de 2016.-

2.- Iniciar expediente de Contratación urxente mediante Contrato Menor por un importe total licitatorio de Once mil catrocentos noventa e cinco euros (11.495,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

3.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Dous días naturais (3) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación, presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado de acordo co modelo que se acompañará a cada licitador , facéndolles saber que de conformidade co ordenado pola Consellería Subvencionante, as actuacións deberán quedar rematadas antes do día 12 de Decembro de 2016 sendo un prazo en improrrogable :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Sorex Ecología e Medio Ambiente S.L.	Rúa Barreiras, 80 2ª Planta 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Xestión Agrogandeira e Natureza S.L.	Rúa Chantada s/n 27004 LUGO
Asociación para Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA)	Travesa dos Basquiños, 9 Baixo 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

7º.- Asuntos varios.-

Expediente contratación Obra Plan Acción Social (PAS) 2015

Examinado o expediente por tramitación ordinaria mediante procedemento negociado coa finalidade de levar a cabo a contratación da obra denominada "Saneamento lugar de Castro - Fisterra " cun presuposto de Setenta e tres mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (73.599,07 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base o Proxecto redactado por parte do Departamento de Urbanismo que consta no expediente e incluída no Plan de Acción Social 2015 da Diputación Provincial (POS 2016).-

Visto o Informe de Valoración definitiva efectuada por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro de esta Corporación de data 24 de Novembro de 2016 sobre as ofertas presentadas polos licitadores que consta no expediente ,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda:

1) Declarar válida a licitación, adjudicando provisionalmente a Obra en cuestión en favor de Búa Construcciones y Servicios S.L., con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra-Bustelo, Termo Municipal de Dumbria, CP 15152, Provincia de A Coruña por obter a maior puntuación e nun importe de Cincuenta e tres mil seiscentos trinta e seis euros con trinta e seis céntimos (53.636,36 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Once mil douscentos sesenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (11.263,64 €).-

2) Requerir ó licitador para que no prazo de dez días hábiles (10) a contar desde o seguinte ó recibo da notificación deste acordo, presente a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, constitución da garantía definitiva en importe de Dous mil seiscentos oitenta e un euros con oitenta e dous céntimos (2.681,82 €) equivalente ó 5% da

adxudicación do contrato excluído o Imposto sobre o Valor Engadido así como acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.-

**Adxudicación Servizo de Arquitecta
(Contrato Menor)**

Ante a renuncia presentada por parte de **S. B. L. Q.** para seguir prestando o Servizo de Arquitecta dentro do Departamento de Urbanismo nesta Corporación e, adoptado o acordo de aceptación,

Considerando a necesidade de continuar co mesmo e non paralizar as actuacións urbanísticas que van dirixidas en beneficio dos administrados, **a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:**

1) Adxudicar a prestación do servizo de Arquitecta mediante **contrato menor** en favor da licenciada nesta materia, **C. C. B.** con **NIF 34.898.571 G** e enderezo no Termo municipal de Culleredo, quen na actualidade xa ven prestando o servizo en substitución da anterior, por un **período de Seis meses contados a partir do día seguinte á notificación deste acordo**, nun importe **mensual de tres mil cento cincuenta e oito euros con corenta céntimos (3.158,40 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en concepto de honorarios profesionais**; todo isto de conformidade co disposto nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2) Notificar dito acordo á adxudicataria facendolle saber que, en canto a prestación do servizo, deberá suxeitarse as directrices sinaladas no prego de prescricións técnicas e horario que actualmente está establecido para o Departamento de Urbanismo.-

**VENDA AMBULANTE
LISTA DE ESPERA**

A) Vista a solicitude presentada co número 2292 (RE) de 15/7/2016 por **O. H., con NIE: X-5.707.697-V**, e con domicilio na localidade de A Baña, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de textil.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluío na lista de espera da venda ambulante co número 80, para adicarse á venda de produtos de textil.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Vista a solicitude presentada co número 3368 (RE) de 24/10/2016 por **K. Z., con NIE: X-3.411.063-W**, e domicilio na localidade de Arteixo, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse de produtos de textil e calzado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluío na lista de espera da venda ambulante co número 81, para adicarse á venda de produtos de textil e calzado.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACIÓN PREVIA - TRANSMISIÓN DE LICENZAS

A) Visto o expediente iniciado co número 1851 (RE) de 16/6/2016 por **J. M. V. I.**, con DNI: 79.314.779-S, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “café bar cantante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 33 desta vila.

CONSIDERANDO: Que por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 26/6/2011 concedíuselle licenza definitiva de apertura de “café bar cantante” que se localiza no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 33 desta vila a favor de VELAY LESTON, S.C..

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre C. L. R. en nome e representación de VELAY LESTON, S.CL, e por J. M. V. I. Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por J. M. V. I. para o inicio da actividade de “café bar cantante” no baixo da edificación da rúa Alcalde Fernández, 33 desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL

Visto o escrito presentado co número 3410 (RE) de 27/10/2016 por **M. F. F.**, con DNI: 32.380.096-Y, no que comunica que o pasado 23/10/2016 debido ao mal estado no que se encontran as escaleiras da rúa do Rio caeu e rompeu as gafas ademais de sufrir pequenos danos físicos, polo que solicita a correspondente reclamación económica polo importe de 90€ ao que ascenden as gafas.

Considerando. Que no expediente consta informe emitido pola policía Local o pasado 8/11/2016 do que se desprende a veracidade dos feitos alegados e xunta as correspondentes fotografías sobre o estado das escaleiras da rúa do Rio desta vila.

Considerando: Que no expediente consta a factura número 8 de 27/10/2016 por importe de noventa euros (90 €) emitida por OPTICA FISTERRA.

Considerando: Que no expediente consta a conta bancaria a nome do reclamante na que interesa que se lle faga o ingreso.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado por M. F. F., con DNI: 32.380.096-Y e afrontar os gastos polo importe de noventa euros (90,00 €) ao que ascenden os danos ocasionados nas gafas, ao caer nas escaleiras da rúa do Rio desta vila o pasado 23/10/2016.

2º) Comunicar ao interesado que deberá presentar a seguinte documentación para facer efectivo o pago dos danos causados.

- Declaración xurada de que non ten solicitado nin concedido ningunha indemnización polos mesmos feitos por parte do seguro do seu vehículo.

- Declaración xurada de que se sinte satisfeito coa indemnización concedida e que se compromete a non reclamar nada mais deste concello.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

TARXETA DE ESTACIONAMENTO

- Á vista do **informe** emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a R. L. S.** veciña de Fisterra, con D.N.I 79.312.374 W, **a tarxeta de estacionamento para minusválidos cun período de validez ata o 17 de outubro de 2019 por ter dificultades de mobilidade según resolución de recoñecemento do grado de discapacidade expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia en expediente BS611A2016/2505-1.-**

- Visto o **Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a S. M. S. F.**, veciña de Fisterra, con DNI 79.315.906 S, **unha axuda polo importe de Setenta e dous euros (72,00 €)** coa finalidade de adquirir uns cristais novos para as gafas da súa filla, **ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 19:30 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.